

INFORME BREVE SOBRE O TEMA DE INVESTIGACIÓN ESCOLLIDO POLO GRUPO PHI

Unha vez que límos as bases do concurso fixámonos principalmente en que debía ser orixinal, o que nos fixo pensar en varios temas, dentro das nosas preferencias, que non foran tratados da maneira en que os enfocáramos nos.

A metodoloxía empregada consistiu en varios pasos:

- Reunións para repartirnos o traballo,
- Selección de materiais bibliográficos e doutro tipo para ser consultados,
- Traballo de campo: visitando os lugares obxecto de estudo,
- Coordinación entre os diversos membros do grupo para dar conta da documentación aportada por cada un, laboura que correspondeu ao profesor,
- Selección dos contidos que formarían parte do traballo definitivo,
- Corrección de erros, repeticións e aspectos que desvirtuasen o traballo.

Todo o anterior foi obxecto de repetidas discusións, pois dímonos conta de que a principal dificultade estivo en centrar o estudo sobre o que realmente interesaba: a evolución dunha cidade a través dos seus estilos artísticos.

Consultados algúns traballos que xa foran premiados en anteriores convocatorias, decatámonos de que sería conveniente que ao texto lle seguise unha documentación fotográfica e doutros gráficos que o ilustrasen.

Estivemos sempre atentos a non repetir os textos dos investigadores ou autores consultados, salvo que se tratase daqueles que se citan textualmente (do que se advirte no traballo presentado). Igualmente tivemos moito coidado de respectar a propiedade intelectual, valorando que os autores teñen dereito (legal e moral) ás súas producións, polo que indicamos as fontes a pé de páxina, nas fotografías e outros gráficos engadidos.

Unha das facetas máis interesantes foi combinar o traballo de lectura co de campo, visitando os lugares e comprobando, *in situ*, o estudado con anterioridade. Isto permitiunos sacar conclusións particulares que foron obxecto de contraste entre os membros do grupo e co profesor director. Podemos dicir que este método serviunos para aprender máis sobre a cidade de Pontevedra e os seus monumentos, obras de arte, etc. que con anterioridade o profesor orientounos sobre as monografías publicadas referentes ao tema obxecto de estudo pola nosa parte, descubriendo que dous dos profesores que tivemos eran autores de algunhas das obras. Noutros casos foi útil a visita ao Arquivo Histórico Provincial, sito na rúa Colón, á Biblioteca Pública, sita na rúa Alfonso XIII, ao Museo de Pontevedra, sito na praza da Leña, ás ruínas de San Domingos, dependentes do Museo, percibindo da mellor maneira posible as ábsidas, os contrafortes, as arcadas e demais elementos do edificio. Tamén visitamos o edificio da actual Delegación de Facenda, antes convento de San Francisco, desamortizado durante o século XIX e que forma, polo tanto, un conxunto articulado coa igrexa. Visitamos a igrexa de Santa María a Maior, estudando pormenorizadamente os motivos iconográficos da súa fachada oeste, os sartegos no interior, así como na igrexa de San Francisco... Este traballo de campo, contrastado co lido ou discutido entre todos, fixo que o resultado final fose de gran utilidade para, así como un descubrimento que nos anima a seguir próximamente.

A coincidencia de estarse levando a cabo traballos arqueolóxicos na cidade, a maior parte dos cales descubren aspectos da historia medieval, fixo que puxésemos en relación a información obtida coa que xa tiñamos sobre as igrexas dos mendicantes, dominicos e franciscáns, permitiúndonos ter unha visión moi suxerente sobre a vida neses séculos.

Sorprendeunos a importancia pesqueira que tivo Pontevedra entre os séculos XIV e XVII, así como o seu decaemento a partir deste último século, as loitas sobre a capitalidade durante a primeira metade do século XIX e o funcionamento das *elites* locais no arranxo dos problemas. Tivemos ocasión de comprobar cómo o comportamento de personaxes como o marqués de Riestra, Bugallal ou Montero Ríos, coincide, en líneas xerais, co estudado na clase de Historia de España.

Tamén foi obxecto de gran interese pola nosa parte descubrir a variedade de pazos urbanos en Pontevedra, sinal dunha clase social da que tiñamos oído falar e sobre a cal podemos profundizar máis. Especial interés tivo descubrir as formas de vida das xentes de diversas clases sociais durante o século XIX, pero tamén a evolución artística dende o gótico ao neoclásico, mostra de cuxos estilos encóntranse nidiamente na cidade de Pontevedra. Puidemos cambiar impresións sobre os parecidos entre as obras estudadas en clase de Historia da Arte e as que tivemos ocasión de visitar na nosa cidade. Asómbromos pensar que tamén, a poboacións afastadas e sinxelas, chegou a sensibilidade artística que, en cada momento, se amosou como predominante.

Citamos ao final a bibliografía consultada, así como a pé de páxina, e aportamos o resultado dunha enquisa que fixemos sobre o grao de coñecemento do patrimonio monumental de Pontevedra, cuxos resultados reflicten a falta de sensibilidade sobre a materia entre certos grupos.